

Exposición  
**"7+1 PROJECT ROOMS"**

Un programa educativo para escolares  
**Nivel: educación infantil**  
De 3 a 6 anos

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Esta Guía é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada:

**"7+1 PROJECT ROOMS"**

Durante a visita abordaremos conceptos como o que significa o MARCO, cal é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos o concepto de exposición e explicamos o contido da mostra que van ver.

A visita e obradoiro de **Infantil** ten unha duración aproximada de **1 hora e 30 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o teu grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos un percorrido pola exposición para desenvolver a **visita** en función das idades e dos contidos que se intentan transmitir. A experiencia complétase cun **obradoiro** no 'Laboratorio das artes', o noso espazo de didáctica no primeiro andar.

As actividades de educación **infantil** están pensadas para converter o museo nun xogo de descubrimento. As obras analízanse dende diferentes perspectivas deseñadas especificamente para conseguir un achegamento afectivo e cognitivo. Este programa de actividades está especialmente pensado para que sexa recordado como algo divertido e especial onde teñan lugar todo tipo de descubrimentos.

## A exposición

A nova proposta expositiva do MARCO, comisariada por Gerardo Mosquera, reúne obras de oito importantes artistas do panorama internacional que presentan sete propostas nos espazos expositivos da planta baixa, e unha na fachada do museo: de aí o título '7+1 PROJECT ROOMS'. Cada unha das obras ocupa un espazo diferente do museo e foi especificamente destinada a ese lugar, xa se trate de obras novas ou de adaptacións de obras anteriores. O resultado da suma ou combinación do traballo destes artistas é un conxunto de presentacións cun marcado espírito crítico, que formula temas sociais que preocupan e interesan á sociedade actual.

Paralelamente a esta mostra, a partir de xaneiro de 2009 o departamento educativo do MARCO ofrece unha programación dirixida a escolares e familias. '7+1' é o nome xenérico deste programa de actividades, visitas e obradoiros, que nos achega ás obras dende 7 puntos de vista diferentes pero relacionados, para finalizar cunha última proposta que se desenvolverá no espazo de obradoiros, o 'Laboratorio das artes'.

Se desexas máis información sobre a exposición podes solicitala ao departamento didáctico, ou ben acceder a ela directamente na nosa web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com) (actualmente en proceso de renovación). No apartado **EXPOSICIÓNS TEMPORAIS/+INFO** atoparás a síntese do proxecto expositivo, información sobre os artistas e imaxes da exposición.

## Posibilidades didácticas

'7 +1' é o título elixido para a programación escolar que se ofrece en paralelo á exposición '7 +1 PROJECT ROOMS', que inclúe propostas de oito artistas. A través do contacto directo coas obras intentamos converter a visita nunha ponte a través da cal os participantes conectan os seus descubrimentos no museo coas súas experiencias e coñecementos. As obras desta exposición son un pretexto para traballar a educación visual e estética cos visitantes máis pequenos do museo.

A través das súas propostas, os artistas preséntannos elementos do seu mundo e do noso. Durante a visita trataremos de incorporar estes descubrimentos avanzando como exploradores. Cada encontro cunha obra supón un novo achado que conseguimos a través do xogo e da motivación, procurando que a aprendizaxe se produza de forma entretida e que recorden a visita ao museo como unha experiencia interesante e divertida, como algo único que os anime a repetir a experiencia.

As actividades anteriores e posteriores á visita, que son opcionais, ofrecen orientacións didácticas para educar a percepción e achegarnos á arte dunha forma amena. Durante a visita procuramos espertar o interese polo auto descubrimento, contribuíndo a desenvolver as capacidades de observación, percepción, reflexión e interpretación. No 'Laboratorio das Artes', o espazo de didáctica situado no 1º andar, a aprendizaxe desenvólvese de forma activa, ofrecendo aos pequenos a posibilidade de converterse en artistas.

## Actividade para antes da visita [OPCIONAL]

### Exploradores

#### Tipo de actividade

Reflexión sobre o mundo que nos rodea e exercicio de creación artística que interpreta unha historia

#### Duración

2 sesións de 50 minutos [adaptable na súa duración, segundo necesidades ou posibilidades]

#### Destinatarios

Actividade dirixida a participantes de 3 a 6 anos

#### Descrición da actividade

Nos primeiros anos de educación o neno/a, coma se dun explorador se ratase, vai engadindo novos descubrimentos ao seu diario de experiencias persoais. Tamén o artista se converte ás veces nun explorador que a través das súas creacións nos comunica os seus descubrimentos, ou o que lle gusta ou desgusta do ámbito no que vive. O artista é un pensador, un observador que analiza o mundo. A través desta actividade traballaremos como verdadeiros artistas observando e pensando sobre o noso mundo, para finalmente representar aquilo que nos interesa, que nos gusta ou que queremos dar a coñecer aos demais.

A idea de exploración, de descubrimento, será o eixe das actividades de educación infantil. Como actividade previa á visita ao MARCO propoñemos converter a aula nun lugar onde falar, representar e xogar coas cousas que coñecemos.

En **primeiro lugar** deberemos preparar a actividade. Como motivación, suxerimos a lectura de pequenos relatos seleccionados en función das idades do alumnado. A selección incluírá no posible contos que poidan situarlles en diferentes ámbitos, como a cidade, o campo, a praia, a montaña, ou algún lugar imaxinado polo autor.

En **segundo** lugar presentamos a actividade: converteranse en artistas e representarán cos seus debuxos as cousas que máis lles interesen das historias que imos contar. Ao rematar cada relato procuraremos suscitar un diálogo sobre o que máis lles gustou ou interesou do conto. Reflexionaremos sobre cada conto falando dos seus personaxes, do lugar no que se desenvolve, do que aprendemos con cada historia.

**Finalmente** realizaremos entre todos un grande mural onde representar aquelas cousas que temos imaxinado ou escoitado: os lugares, personaxes ou cousas que máis nos chamaran a atención. Cada neno/a recortará os seus debuxos para pegalos nun mural preparado previamente a partir de papel corrido branco, pintado de diferentes cores polos propios alumnos/as.

Unha vez rematada a actividade, cada neno/a explicará o que lle apetece contar do debuxo que escolleu. Trataremos de que cada participante explique que representou, a razón da súa elección, e que intente ampliar o que vemos falándonos do lugar, características ou detalles que non poidamos apreciar a simple vista.

[Esta actividade pódese simplificar e adaptar para menores de 4 anos, ofrecendo debuxos sobre os diferentes temas, que poden ir coloreando e pegando de forma libre nun papel preparado previamente.]

## VISITA E OBRADOIRO NO MARCO

### **A visita á exposición**

Para o alumnado de educación infantil preparamos un xogo moi especial. Durante a visita propoñemos sete xogos ou actividades para realizar nas salas, en contacto directo coas obras. Ver, Oír, Pensar, Sentir, Imaxinar, Explorar, Descubrir, son as sete formas de atoparnos coa arte e os artistas. Estes sete verbos presentan sete formas de xogar, aprender e gozar do que vemos... e do que non vemos.

### **O obradoiro no Laboratorio das Artes**

A oitava actividade é unha proposta creativa para realizar no 'Laboratorio das artes'. Neste caso converterémonos en artistas e presentaremos o noso proxecto. A imaxinación e a creatividade son as ferramentas que utilizaremos para redeseñar o noso espazo de traballo. Partindo da visita á obra de Thomas Hirschhorn, e inspirándonos no mundo dos desfiles e as carrozas, traballaremos con cada grupo por separado para que realicen as súas achegas a este mini-mundo, que esperamos finalice cunha completa transformación do espazo de traballo.

## Actividade para despois da visita [OPCIONAL]

### **Project Room**

#### Tipo de actividade

Montaxe dun espazo para a arte no que cada mes presentaremos unha instalación específica

#### Duración

2 sesións de 50 minutos [adaptable na súa duración, segundo necesidades ou posibilidades] para cada proxecto

#### Destinatarios

Actividade dirixida a grupos de participantes de 3 a 6 anos

#### Descrición da actividade

Durante a visita ao MARCO vimos obras de artistas que de diferentes formas nos contaban historias. Os artistas da exposición transformaban os espazos do museo para convertelos en algo novo como unha montaña, unha carroza... A través desta actividade desenvolveremos nun espazo da aula instalacións artísticas con temas que variarán cada mes.

Podemos comezar motivándoos cunha explicación do que imos facer e recordando algunhas das obras que vimos no museo. Seleccionaremos un lugar para desenvolver este proxecto, a ser posible unha esquina ou canto que poidamos sinalizar e mesmo pintar de formas diferentes para cada instalación. Teñamos en conta que debemos dispoñer do lugar durante varios meses; é interesante que o perciban como un espazo especialmente reservado para eles para realizar traballos artísticos en equipo.

A continuación poderemos decidir o tema da instalación de cada mes, ben de forma individual ou coa participación dos alumnos. É posible que nos sirva como complemento da programación que estamos a desenvolver cada trimestre, ou quizais prefiramos desenvolver un tema independente. Na medida do posible deberíamos facilitar a toma de decisións dos participantes como unha forma de motivación para o mellor desenvolvemento da actividade.

Os temas a desenvolver poden ser de todo tipo:

- Contos
- Viaxes
- Natureza
- A cidade
- A cor
- O mar
- Os transportes
- O universo
- Etc.

Unha vez seleccionamos o tema a traballar, achegarémonos ao lugar destinado á instalación para pensar de que forma podemos expoñer as nosas obras e ambientar o espazo. Por exemplo, se realizamos unha instalación sobre o universo podemos pintar de azul escuro o espazo e debuxar estrelas directamente sobre ese fondo; os planetas, pratos voantes ou naves espaciais poderían estar colgados a través de fíos directamente dende o teito.

Unha suxestión é introducir en cada sesión diferentes técnicas artísticas e explorar ao máximo as súas posibilidades, para presentar ese espazo cada mes cunha escenografía que intensifique e resalte o traballo dos alumnos, ademais de procurar un cambio radical entre unha exposición e outra.

Unha vez seleccionado o tema animémoslos a que participen na toma de decisións sobre o que queren expoñer e como o van facer:

- Que lles suxire o tema?
- Como o podemos representar?
- Que elementos podemos incluír?
- Que cores deberíamos empregar?
- Con que materiais podemos representalo?

Como se fixo...?

Lembremos facer fotos dos procesos de produción de cada exposición, das instalacións resultantes, dos pequenos artistas traballando, e ante a obra finalizada. A final de curso poderíamos organizar unha exposición cunha selección de todas estas imaxes.



## SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, ou a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, á atención de

Marta Viana Tomé  
Pilar Souto Soto  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento Didáctico  
Príncipe 54  
36202 Vigo  
Tel. +34 986 113900  
Fax +34 986 113901  
[marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com)  
[pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)

Pedro A. Cordón Casais  
Asesor e autor do programa educativo